

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PARLAMENTO DE GALICIA**

ACORDO do 4 de xullo de 2017, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2017.

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece no seu artigo 17 que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e se deban prover mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Mediante Acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia do 3 de xullo de 2017 establecéronse os criterios xerais dos plans de oferta de emprego público.

Conforme o anterior e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara, na súa reunión de 4 de xullo de 2017,

DISPÓN:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2017, constituída polas seguintes prazas vacantes dotadas orzamentariamente e que deben ser provistas mediante o persoal de novo ingreso que se relaciona a seguir:

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo de clasificación profesional: A.

Corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo de clasificación profesional: B.

Corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Escala técnica de tecnoloxías.

Número de prazas: 2.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo de clasificación profesional: D.



Corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

O ingreso nos corpos e na escala relacionados farase por oposición libre.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2017

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia

